



1º Concurso de Escaparates XXIX Edición da FESTA DO CALDO DE OSOS

O Concello de Taboada xunto coa Asociación de Comerciantes e Industriais de Taboada poñen en marcha o primeiro concurso de escaparates en torno a decoración co motivo da nosa Festa do Caldo de Osos e do Entroido coa intención de crear un ambiente máis festivo e que anime aos veciños e visitantes a mercar nos comercios locais.

Bases do concurso:

Primeira. Participantes.

Poderán participar todos aqueles establecementos comerciais dados de alta no Imposto de Actividades Económicas nalgún dos epígrafes comprendidos no sector do comercio, servizos, hostaleiro e industria situados na localidade de Taboada, independentemente do produto que ofrezan ao consumidor.

A participación no concurso é gratuíta.

Segunda. Temática.

A temática a desenrolar será alegórico ao ambiente propio da Festa do Caldo de Osos e sempre en combinación cos produtos do propio establecemento.

Valoraranse os seguintes aspectos:

1. deseño e calidade
2. mestura de cores
3. orde e distribución dos produtos
4. orixinalidade.

Terceira. Presentación e condicións, prazo, premios.

Os comerciantes interesados en participar, terán que seguindo o modelo Anexo I a estas bases presentar solicitude no Rexistro de Entrada do Concello de Taboada ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, os aspirantes deberán enviar copia da solicitude, debidamente rexistrada por fax ao Concello no prazo de presentación ao fax número 982.46.50.89 ou por correo electrónico a concello.taboada@eidolocal.es.

Todos os comercios participantes deben ter o seu establecemento nas condicións que permitan ao xurado visualizalo no seu conxunto, ademais de iluminado ata as 22:00 horas entre os días 13 e 25 de Febreiro, ambos incluídos.

Todo comercio que se inscriba no concurso, mais que á hora de realizar a visita por parte do xurado non estea arranxado de acordo coas presentes bases, quedará eliminado automaticamente.

Todos os participantes no concurso autorizan expresamente ás entidades organizadoras





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

do concurso a reproducir, utilizar ou difundir o seu nome, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou de promoción que se atope relacionada co concurso, sen que dita autorización lles outorgue dereito algún de remuneración ou beneficio con excepción da entrega do premio os tres gañadores.

As visitas do xurado serán aleatorias ao longo dos días citados anteriormente.

O prazo de inscrición remata o 10 de Febreiro de 2020 ás 14:00 horas.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: 200 €

2º Premio: 100 €

3º Premio: Trofeo.

Cuarta. Xurado.

A selección e concesión dos premios do Concurso realizarase á proposta dun Xurado constituído da seguinte forma:

- Presidente: Un membro do Concello

- Vocais:

- Un membro da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Taboada
- Un membro da Asociación Cultural O Carballo
- Un membro da Asociación de Baile e Gaitas Os D' Eiquí
- Un membro da Asociación O Marrao Enxebre
- Un membro da Asociación Cultural Os Rechouchíos.
- Un membro da Asociación de Xubilados de Taboada.

- Secretario: o Secretario do Concello ou persoa en quen delegue.

O xurado reunirse o día 19 de Febreiro de 2020 e levantará acta indicando o nome dos premiados.

O nome dos tres comercios premiados anunciarase en acto oficial o día 23 de febreiro de 2020.

O xurado pode declarar deserto este concurso, por motivos xustificadas.

A participación no concurso supón a aceptación da totalidade do recollido nas bases, así como a decisión do Xurado, quedando excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

As presentes bases serán publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

Taboada, a 29 de xaneiro de 2020.

ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo: Ramiro Moure Ansoar





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO I

1º Concurso de Escaparates XXIX Edición da FESTA DO CALDO DE OSOS

DATOS DO ESTABLECEMENTO

Nome Comercial	
Titular	
C.I.F:	
Enderezo	
Teléfono	
E-mail:	
Web:	

PERSOA DE CONTACTO

Nome e apelidos:	
Teléfono fixo:	
Teléfono Móbil:	
E-mail:	

MANIFESTO:

Primeiro: Que o abaixo asinante.....
.....solicita a súa inscrición como participante no 1º Concurso de
Escaparates de Taboada:

Segundo: Que coñezo e acepto as bases que regulan o concurso.

Terceiro: Que autorizo a que se reproduza a fotografía do meu escaparate e do meu local
nos medios de comunicación e na publicidade do concurso.

En Taboada a de de 2020.

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TABOADA

